



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

PLAN PROA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, vén desenvolvendo dende hai xa dous cursos o Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio).

Está dirixido ao alumnado do último ciclo de educación primaria e ao de primeiro e segundo curso de educación secundaria obrigatoria de centros públicos. O programa terá continuidade no vindeiro curso

2007/08. Amplíase a participación a 81 novos centros.

[Acceso ao programa](#)

[Máis información.](#)

PREMIOS A RECURSOS EDUCATIVOS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 2007

Proximamente sairá publicada a convocatoria conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria dos **Premios a recursos educativos para a sociedade da información 2007**.

As direccións xerais de Promoción Industrial e da Sociedade da Información e a de Ordenación e Innovación Educativa queren con estes premios de importante dotación económica promover a creación e divulgación de

contidos dixitais de calidade na rede, impulsar o coñecemento do software libre por parte da comunidade educativa e recoñecer e valorar o esforzo do profesorado na adopción das tecnoloxías de información e da comunicación no seu traballo cotián.

As **modalidades** polas que se poderá participar son as seguintes: **A: ferramentas de autor. B: materiais curriculares web. C: Galerías de imaxes e vídeos didácticos. D: Aplicacións de software**

libre (usando como plataforma de desenvolvemento a Forxa de mancomun.org). Destinaranse 52.000 euros aos premios, cuns primeiros premios de 6000 euros nas modalidades A,B e D e de 3000 euros na modalidade C. Poderá participar, a nivel individual ou en grupo, o profesorado de centros non universitarios sostidos con fondos públicos. O prazo de participación comezará o día seguinte á súa publicación no DOG e rematará o 15 de setembro.

VACANTES CONCURSO DE TRASLADOS

No **DOG nº 97** do martes 22 de maio sae publicada a orde do 14 de maio pola que se fan públicas as vacantes definitivas dos corpos de profesores que

imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas para o curso 2007-2008. Todas as vacantes que figuran nos anexos

podrán ser obxecto de concurso de traslados, conforme o disposto na orde de convocatoria.

ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES

No **DOG nº 98** do mércores 23 de maio sae publicada a orde do 8 de maio de 2007 pola que se convocan procedementos se-

lectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño para funcionarios

dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contido:

Plan PROA	1
Premios a recursos educativos para a sociedade da información 2007	1
Vacantes concurso de traslados	1
Adquisición de novas especialidades	1
Exposición Europa e a Ceración Nós. Galicia, célula de universalidade	2
IX Foro Galego para a Igualdade	2
Artes plásticas e deseño	2
Premios Marta Mata	2
XX certame "Jóvenes Investigadores", 2007	2
Tradutores novos	2

EXPOSICIÓN EUROPA E A XERACIÓN NÓS. GALICIA, CÉLULA DE UNIVERSALIDADE

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



A exposición pode visitarse no Museo do Pobo Galego (San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela, Tfno 981 583 620) ata o 30 de xuño de 2007. Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, de martes a sábado, luns pechado e domingos de 11:00 a

14:00. Os documentos para traballar co alumnado descárganse na páxina web da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

[Acceso aos documentos.](#)

[Acceso aos paneis da exposición.](#)



IX FORO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



O sábado 9 de xuño terá lugar no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela o IX Foro Galego de Educación para a Igual-

dade. Feminino e masculino . A escola na formación das identidades.

[Acceso ao programa.](#)



ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

No [BOE nº 125](#) do venres 25 de maio sae publicado o Real decreto 596/2007, do

4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profe-

sionais de artes plásticas e deseño.

PREMIOS MARTA MATA

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



No [BOE nº 127](#) do luns 28 de maio sae publicada a ORDE ECI/1466/2007, do 23 de maio, pola que se convoca o Premio Marta Mata á calidade dos centros educativos para o ano

2007 dirixido aos centros docentes españois sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas reguladas na LOE. Haberá catro modalidades, con tres premios cada unha, de:

primeiro, 15.000€; segundo, 10.000€ e terceiro, 6.000€. O prazo de presentación será ata o día 13 de xullo de 2007.

XX CERTAME “JÓVENES INVESTIGADORES”, 2007

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



Co obxectivo de espertar vocacións investigadoras entre os estudantes de ensino secundario, bacharelato, formación profesional, ensinanza superior e diferentes asociacións, a Secretaría de Estado de Universidades e Investigación convoca o **XX certame Jóvenes**

Investigadores (BOE do 22 de maio de 2007). Concederanse premios para os traballos nas áreas de: Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Físicas, Químicas e Matemáticas, Ciencias da Terra e da Vida, Tecnoloxía e Enxeñaría. Tamén serán

seleccionados os participantes da XX edición do certame europeo de Jóvenes Investigadores 2008 e 10 estancias de dúas semanas no CSIC. O prazo de presentación remata o 12 de xuño.

[Acceso](#)

TRADUTORES NOVOS

Con motivo dos actos que celebran o 50 aniversario da UE, a Comisión Europea convocou o concurso «**Juvenes Tradutores**», para que mozas e mozos de 17 anos de centros de ensinanza de toda Europa experimenten persoalmente o que é traducir. Poderán

participar ata 2.760 alumnos dun máximo de 345 centros de ensinanza. Os estudantes que sexan designados polos seus centros afrontarán o reto de traducir un texto breve e o acto terá lugar o mesmo día (14 de novembro de 2007) nos 27 estados

membros da UE. Os alumnos poderán decidir desde que idioma e a que idioma traducir. Os centros poden inscribirse ata o día 15 de xuño de 2007 no enderezo web.

[Acceso ao web](#)